

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

PORTOS DE GALICIA

RESOLUCIÓN do 17 de abril de 2023 pola que se modifica o procedemento de autorización de ocupación de dominio público portuario competencia da Comunidade Autónoma de Galicia con destino á realización de espectáculos públicos e actividades recreativas (código de procedemento IF500A).

Antecedentes.

Mediante a Resolución do 26 de setembro de 2017, da Presidencia de Portos de Galicia, e logo da audiencia e consulta coa Federación Galega de Municipios e Provincias, aprobáronse os criterios e procedementos para autorizar a ocupación de dominio público portuario con destino á celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas nos portos autonómicos de competencia deste organismo (*Diario Oficial de Galicia* do 5 de outubro).

O 14 de xuño de 2018 entrou en vigor a Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia (DOG do 14 de decembro), que derroga a Lei 5/1994, do 29 de novembro, de creación de Portos de Galicia.

O 2 de xullo de 2018 entrou en vigor a Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, publicada no DOG do 2 de xaneiro de 2018, conforme a *vacatio legis* fixada na súa disposición derradeira sexta. Nesta lei introdúcense modificacións na Lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

O artigo 2.3 desta Lei 10/2017 establece que esta é de aplicación supletoria a aqueles espectáculos públicos e actividades recreativas que contén con regulación sectorial propia, precepto que en materia de portos debe poñerse en relación con que a normativa de patrimonio público e a portuaria tanto estatal como autonómica exigen a obrigatoriedade de obtención de autorización ou concesión para a ocupación de dominio portuario.

Por outra parte, a disposición derogatoria única da citada Lei 10/2017 derroga os artigos 4 e 7 do Decreto 292/2004, do 18 de novembro, que aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia, e integramente o Decreto 390/2009, do 24 de setembro, que determina o procedemento aplicable para o exercicio da potestade sancionadora na materia de establecementos e espectáculos públicos.



A confluencia destes cambios normativos motivou unha modificación nos criterios e procedementos mediante a Resolución do 22 de xuño de 2018, publicada no DOG núm. 125, do 2 de xullo.

Posteriormente foi publicado o Decreto 124/2019, do 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e se establecen determinadas disposicións xerais de aplicación na materia.

De acordo cos artigos 148.1.6 e 149.1.20 da Constitución española, o Estatuto de autonomía para Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece no seu artigo 27.9 que corresponde á Comunidade Autónoma galega, dentro do seu ámbito territorial, a competencia exclusiva en materia de portos non cualificados de interese xeral polo Estado, portos de refuxio e portos deportivos, ao mesmo tempo que no seu artigo 28.6 atribúe á propia Comunidade Autónoma competencia para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado, nos termos que esta estableza, en canto aos portos pesqueiros.

Consonte estas previsións constitucionais e estatutarias, o Real decreto 3214/1982, do 24 de xullo, e o Decreto 167/1982, do 1 de decembro, do Consello da Xunta de Galicia, tramitaron a transferencia á Comunidade Autónoma de Galicia, dentro do marco de competencias do Ministerio de Obras Públicas e Urbanismo, das funcións e servizos relativos a todos os portos e instalacións portuarias, suxeitos ou non a réxime de concesión, non cualificados de interese xeral polo Estado no Real decreto 989/1982, do 14 de maio, e aos de refuxio e deportivos existentes no seu ámbito territorial.

Os portos, que comezaron como puntos de descarga de mercadorías e pesca, evolucionaron ata converterse nuns complexos industriais e mercantís onde se desenvolven numerosas actividades produtivas e administrativas e que, así mesmo, realizan unha función de desenvolvemento rexional ao permitiren a localización e promoción doutras industrias, e social, en beneficio da comunidade concentrada na súa zona de influencia.

No artigo 55.3 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, dispónse que nos terreos da zona de servizo portuaria que non reúnan as características naturais de bens de dominio público marítimo-terrestre definidos no artigo 3 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, poderanse admitir outros usos non estritamente portuarios, tales como equipamentos culturais, recreativos, certames feirais, exposicións e outras actividades comerciais e industriais non portuarias, sempre que resulten compatibles cos usos antes definidos, que



non se prexudique globalmente o desenvolvemento futuro do porto e das operacións de tráfico portuario e mais que se axusten ao establecido no planeamento urbanístico en vigor, así como ao previsto na normativa de costas en materia de protección do dominio público marítimo-terrestre adscrito.

Por outra parte, a lexislación vixente, prohibe expresamente entre outras á publicidade comercial a través de carteis ou valos, medios acústicos ou audiovisuais situados no exterior das edificacións. Para estes efectos, non se considera publicidade os carteis informativos e rótulos indicadores dos propios establecementos ou empresas titulares dunha autorización ou concesión administrativa da autoridade portuaria.

A autoridade portuaria poderá autorizar a publicidade para actividades deportivas, sociais e culturais que ocasionalmente se desenvolvan no dominio público portuario nos termos da normativa de costas. É dicir, permitírase a publicidade unicamente nos termos establecidos na lexislación reguladora de costas.

Por outra parte, a prestación dos servizos nos portos relativos á ocupación do dominio público portuario e as súas infraestruturas regularase mediante o Regulamento de servizo e policía e a Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, e demais normativa complementaria, supletoria e de desenvolvemento en materia tributaria, servizos entre os que se encontran as ocupacións a título precario do dominio público, fornecementos e uso de infraestruturas de atracada.

As taxas serán obxecto de liquidación por parte de Portos de Galicia aos respectivos suxeitos pasivos e entenderase que se produciu falta de pagamento das taxas cando non se efectúe o ingreso da débeda tributaria no período voluntario.

A falta de pagamento de calquera das taxas portuarias poderá motivar, logo de apercebimento ao interesado e mentres non regularice a súa débeda tributaria, a prohibición ou perda do dereito á utilización ou aproveitamento especial das instalacións portuarias e a suspensión da actividade e, se é o caso, a extinción do título administrativo correspondente, de acordo co previsto na Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia.

A xestión e a recadación das taxas efectuaraa Portos de Galicia, utilizando para a efectividade do cobramento destas as garantías constituídas para o efecto e, se é o caso, a vía de constrinximento.



Por outra parte, o artigo 3 da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, establece que, para os efectos desta lei, se entenderá por:

a) Espectáculos públicos: representacións, exhibicións, actuacións, proxeccións, competicións ou audicións de concorrencia pública de carácter artístico, cultural, deportivo ou análogo.

b) Actividades recreativas: aquelas que ofrecen ao público, persoas espectadoras ou participantes actividades, produtos ou servizos con fins de recreo, entretemento ou lecer.

c) Espectáculos públicos e actividades recreativas de carácter extraordinario: aqueles que se desenvolven esporadicamente en establecementos abertos ao público legalmente habilitados para celebrar un espectáculo público ou actividade recreativa distinta da actividade propia do establecemento.

d) Establecementos abertos ao público: locais, instalacións ou recintos dedicados a levar a cabo neles espectáculos públicos ou actividades recreativas. Poden ser dos seguintes tipos:

1º. Locais cerrados, permanentes non desmontables, cubertos total ou parcialmente.

2º. Locais non permanentes desmontables, cubertos total ou parcialmente, ou instalacións fixas portátiles ou desmontables pechadas.

3º. Recintos que unen varios locais ou instalacións, constituídos en complexos ou infraestruturas de ocio.

e) Espazos abertos ao público: lugares de titularidade pública, incluída a vía pública, ou de propiedade privada, onde ocasionalmente se levan a cabo espectáculos públicos ou actividades recreativas e que non dispoñen de infraestruturas nin instalacións fixas para facelo.

f) Instalacións portátiles ou desmontables: aquelas estruturas móbiles provisionais e eventuais ou aqueles recintos aptos para o desenvolvemento de espectáculos públicos ou actividades recreativas cuxo conxunto se encontre conformado por elementos desmontables ou portátiles constituídos por módulos ou compoñentes metálicos, de madeira ou de calquera outro material que permita operacións de montaxe ou desmontaxe sen necesidade de construír ou demoler algunha obra de fábrica.



A disposición derradeira primeira da devandita Lei 10/2017 modifica varios artigos da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade de Galicia, relativos ao réxime de declaración responsable, exixencia de licenza municipal ou autorización autonómica e de actividades exentas destas declaracións, licenzas ou autorizacións.

Polo exposto, ademais da preceptiva autorización para a ocupación do dominio público portuario de competencia autonómica, que outorgará Portos de Galicia, a celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas deberá contar coa correspondente licenza municipal, segundo o disposto no procedemento establecido no artigo 41 e seguintes da Lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, así como o disposto nas normas regulamentarias de desenvolvemento e execución desta lei, coas excepcións introducidas na Lei 10/2017 de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

Unido ao exposto, é unha realidade que os portos como zonas de actividade portuaria pesqueira, náutico-deportiva e de lecer, comercial, industrial ou de servizos, en principio non resultan ser lugares aptos para todo tipo de festas populares e eventos de afluencia masiva de público, por canto as zonas portuarias acostuman implicar riscos específicos de danos a persoas e bens e, conseguintemente, debe limitarse a ocupación para realizar este tipo de eventos, e en especial nas zonas de maior actividade portuaria.

Agora ben, dadas as características da forma de asentamento dos núcleos de poboación no litoral, prodúcese una forte implicación das actividades das vilas coa zona portuaria, de xeito que resulta tradicional nestas vilas e portos autonómicos a celebración dalgunhas actividades de lecer e espectáculos públicos de carácter ocasional en zona portuaria (festas patronais, probas deportivas, eventos culturais, educativos e festivos), realidade que sempre xerou numerosas solicitudes de autorización para a súa realización, polo que cómpre ditar unha resolución para a regulación das autorizacións deste tipo de actividades.

Polo exposto, toda pretensión de calquera persoa física ou xurídica, pública ou privada, de realizar espectáculos públicos ou actividades recreativas de calquera índole en zona portuaria, debe implicar unha solicitude formal e oficial na cal o organizador asuma a responsabilidade legal ante terceiros, e documente e xustifique a aplicación dun protocolo de seguridade rigoroso en canto a medios persoais e materiais, o que implicará a coordinación coa policía, servizos sanitarios, emerxencias e protección, así como prever o cerramento do recinto, accesos e evacuación, cobertura de responsabilidades mediante formalización de pólizas de responsabilidades legais, así como as fianzas que garantan a reposición das infraestruturas no suposto de producírense danos.



Dado que a celebración do evento implica obter autorización de ocupación de superficie, á marxe do cumprimento do disposto na Lei 10/2017, considérase oportuno ditar o procedemento que regule a tipoloxía de espectáculos públicos e actividades recreativas autorizables nos portos e que intente homoxeneizar con outros organismos competentes a tramitación pertinente en consonancia coa lexislación vixente.

Por este motivo, mediante a Resolución do 8 de maio de 2020 aprobouse o procedemento de autorización de ocupación de dominio público portuario competencia da Comunidade Autónoma de Galicia con destino á realización de espectáculos públicos e actividades recreativas, co código de procedemento IF500A.

Non obstante, transcorrido un tempo desde a súa aprobación e posta en funcionamento, considérase oportuno realizar certas modificación puntuais ao procedemento que faciliten a súa aplicación e que teñan en conta a particularidade de certos espectáculos públicos e actividades recreativas.

De acordo con todo o indicado e en virtude das atribucións conferidas na Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia,

RESOLVO:

Aprobar a modificación do procedemento de autorización de ocupación de dominio público portuario competencia da Comunidade Autónoma de Galicia con destino á realización de espectáculos públicos e actividades recreativas, e establecer os criterios que regularán a tipoloxía de espectáculos públicos e actividades recreativas autorizables nos portos, tentando homoxeneizar con outros organismos competentes a tramitación pertinente en consonancia coa lexislación vixente, así como o procedemento de solicitude e autorización.

O procedemento de solicitude e autorización regúlase segundo as cláusulas incorporadas á presente resolución e, se é o caso, as súas modificacións futuras.

Abrir o prazo de presentación de solicitudes a partir o día seguinte ao da publicación no DOG da presente resolución, o cal quedará aberto.

As solicitudes terán que ser presentadas coa antelación mínima indicada na cláusula oitava desta resolución para que poidan ser admitidas a trámite.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de



Compostela no prazo de dous (2) meses contados desde o día seguinte ao da notificación desta resolución.

Non obstante, os interesados poderán interpor contra esta resolución recurso potestativo de reposición, no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao desta publicación, ante o mesmo órgano que a ditou, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Mediante este documento notifícase esta resolución segundo o exixido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 17 de abril de 2023

Susana Lenguas Gil
Presidenta de Portos de Galicia

Cláusulas que regulan o procedemento

Primeira. Obxecto e ámbito de aplicación

O obxecto é establecer o procedemento de autorización de ocupación de dominio público portuario competencia da Comunidade Autónoma de Galicia con destino á realización de espectáculos públicos e actividades recreativas (código de procedemento administrativo IF500A).

Defínense neste procedemento a tipoloxía de eventos autorizables e os criterios xerais que regularán a autorización da celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas que se desenvolvan nos portos suxeitos á xestión da entidade pública empresarial Portos de Galicia.

Enténdese por espectáculos públicos as representacións, exhibicións, actuacións, proxeccións, competicións ou audicións de concorrencia pública, de carácter artístico, cultural, deportivo ou análogo.

Enténdese por actividades recreativas aquelas que ofrecen ao público, espectadores ou participantes actividades, produtos ou servizos con fins de ocio, recreo ou entretemento.



Segunda. Normativa

A normativa de aplicación para a ocupación de dominio público para desenvolvemento de espectáculos públicos e actividades recreativas é, entre outra:

- Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia.
- Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
- Decreto 124/2019, do 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e se establecen determinadas disposicións xerais de aplicación na materia.

Terceira. Órgano competente

A autorización de ocupación de superficies portuarias necesarias para a celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas, outorgados a título precario e con carácter ocasional e esporádico, será competencia da Presidencia de Portos de Galicia.

Non obstante, segundo a Resolución do 25 de febreiro de 2019 de delegación de competencias do presidente nas xefaturas de zona, publicada no DOG núm. 51, do 13 de febreiro, a resolución de autorizacións para utilización de instalacións portuarias para celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas queda delegada no xefe de zona de Portos de Galicia correspondente a onde se produza este tipo de eventos.

Cuarta. Tipos de eventos

Segundo as definicións establecidas no artigo 4 do Decreto 124/2019, do 14 de outubro, que aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia, esta resolución regulará os eventos e actividades recreativas en espazos abertos. De acordo co artigo 3.e) da Lei 10/2017, do 27 de decembro, enténdense



por espazos abertos ao público os lugares de titularidade pública, incluída a vía pública, ou de propiedade privada, onde ocasionalmente se leven a cabo espectáculos públicos ou actividades recreativas e que non dispoñen de infraestruturas nin instalacións fixas para facelo.

Segundo o citado artigo 4, mediante as presentes bases regularanse exclusivamente a tipoloxía de espectáculo público e as actividades recreativas ocasionais, é dicir, aquelas que se celebren en establecementos abertos ao público ou espazos abertos ao público, a que se refire o artigo 3.d) e e) da Lei 10/2017, do 27 de decembro, durante períodos de tempo iguais ou inferiores a tres meses, en cómputo global anual.

E, en canto á súa catalogación, segundo as definicións incluídas no Decreto 124/2019, mediante a presente resolución poderán autorizarse nos portos e instalacións portuarias dependentes da Comunidade Autónoma os espectáculos públicos e actividades recreativas indicados no anexo do citado decreto (I. Espectáculos públicos, II. Actividades recreativas), agás as seguintes:

- Espectáculos taurinos (I.3),
- Espectáculos circenses (I.4),
- Espectáculos pirotécnicos (I.7), quedan excluídos desta prohibición os fogos artificiais incluídos na definición da actividade recreativa II.5. Festas e verbenas populares.
- Xogos de sorte, envite ou azar (II.6)
- Actividades de restauración (II.7), quedan excluídas desta prohibición as actividades de hostalaría e restauración incluídas na definición da actividade recreativa II.5. Festas e verbenas populares ou as inherentes aos espectáculos públicos I.6. Espectáculos feirais e de exhibición.
- Actividades zoolóxicas, botánicas e xeolóxicas (II.8)

Inclúese como anexo VII o catálogo de actividades e as súas definicións.

Quinta. *Zonas dos portos en que se admitirán as actividades recollidas nesta resolución*

Cada un dos portos dependentes de Portos de Galicia divídese en áreas funcionais definidas segundo o seu grao de actividade portuaria. En función da zona poderán limitarse



as tipoloxías de espectáculos públicos ou actividades recreativas ou limitarse a súa capacidade, se se considera necesario nas condicións particulares da autorización.

A cartografía de cada porto coas zonas funcionais definidas nesta resolución está á disposición dos solicitantes na páxina web de Portos de Galicia, na seguinte ligazón:

http://www.portosdegalicia.gal/solicitud_e_espectaculos

Zona de actividade portuaria alta (vermella): zona con alta actividade portuaria na cal a realización de espectáculos públicos e actividades recreativas intensivas podería causar importantes interferencias á actividade portuaria ordinaria. Nestas áreas unicamente poderán autorizarse espectáculos e actividades tipificados como espectáculos deportivos (I.5) relacionados coa náutica, espectáculos feirais e de exhibición (I.6) ou actividades deportivas (II.2) relacionados coa náutica, que se xustifique que non poidan ser desenvolvidos noutras zonas e que non supoñan unha ocupación estable, senón unicamente unha ocupación puntual inferior a 24 horas continuadas. Só se permitirán as instalacións portátiles ou desmontables por períodos de ata 48 horas continuadas se estas están vinculadas á realización dun evento na lámina de auga e se necesitan para prestar os servizos en terra, e non causan interferencias á actividade portuaria. En ningún caso se permitirá nesta zona a instalación de atraccións de feira.

Inclúense neste bloque as instalacións portuarias menores que, polas súas características físicas, dimensións e capacidade, non son compatibles con este tipo de eventos, agás actividades ocasionais con ocupacións inferiores a 24 horas continuadas e que non precisen de instalacións portátiles ou desmontables. Será de aplicación a excepcionalidade indicada no parágrafo anterior, relativa a instalacións portátiles ou desmontables por períodos de ata 48 horas continuadas, sempre que se cumpran os requisitos indicados.

Zona de actividade portuaria media (amarela): zona con actividade portuaria media na cal a realización de espectáculos públicos e actividades recreativas intensivas podería causar interferencias á actividade portuaria ordinaria. Nestas áreas poderán autorizarse en xeral os espectáculos e actividades indicados na condición 4, agás os espectáculos cinematográficos (I.1), espectáculos teatrais e musicais (I.2) e atraccións recreativas (II.4). De xeito xeral, unicamente se autorizarán nestas zonas eventos que non supoñan unha ocupación estable, senón unicamente unha ocupación puntual inferior a 24 horas continuadas, que non inclúan instalacións portátiles ou desmontables.



Nestas zonas podería autorizarse ocupación de ata 48 horas continuadas para instalacións de carpas ou espazos cubertos con superficie inferior a 100 m², que sexan necesarios para o desenvolvemento do espectáculo público ou actividade recreativa, sempre que non cause interferencias á actividade portuaria. En ningún caso se permitirá nesta zona a instalación de atraccións de feira.

Non obstante, cando se trate de espectáculos públicos ou actividades recreativas que teñan unha singularidade, arraigo popular no ámbito territorial onde se desenvolven ou valor cultural e, en todo caso, aquelas declaradas festas de intereses turístico de Galicia, poderá autorizarse a instalación de carpas ou espazos cubertos con superficie superior a 100 m², sempre e cando o persoal técnico de Portos de Galicia considere que a ocupación e dispoñibilidade de solo portuario é compatible coa actividade portuaria. Neste caso tamén se poderán superar as 48 horas se se desenvolven en fins de semana e festivos consecutivos, incluíndo o serán do día anterior ao sábado ou día festivo.

Para interpretar este parágrafo observarase o disposto nas definicións incluídas no Decreto 4/2015 polo que se regula a declaración de festas de interese cultural de Galicia.

Neste caso, xuntarase á solicitude un informe do organismo público patrocinador do evento, en que se xustifique a súa conformidade polos motivos expostos nos parágrafos anteriores, agás que xa estea declarada de interese turístico.

Zonas con limitación de sobrecargas (azul): estas zonas son as que, pola súa tipoloxía estrutural e deseño construtivo, non admiten estar expostas a sobrecargas. Polo tanto, prohibirase a realización de calquera tipo de espectáculos públicos e actividades recreativas, ou calquera tipo de aglomeración que comprometa a súa estabilidade. Para evitar a concentración de persoas nestes espazos, o titular da autorización incluírá no seu plan de seguridade a limitación de accesos a estas zonas e a difusión das medidas de seguridade aos posibles transeúntes que accedan con motivo do desenvolvemento do evento autorizado.

Zona de actividade portuaria baixa (verde): zona con actividade portuaria baixa na cal a realización de espectáculos públicos e actividades recreativas intensivas non se considera que poida causar interferencias á actividade portuaria ordinaria. Estas zonas corresponden coas áreas definidas como non estritamente portuarias no correspondente documento de delimitación de espazos e usos portuarios (DEUP) aprobado ou en trámite, ou aquelas indicadas nos planos anexos a estas bases no suposto de que o porto non conte con DEUP ou non considere este tipo de superficies, e que estean dotadas dun tratamento urbano. Tamén se inclúen nestas zonas aquelas que, a pesar de ter actividade portuaria,



pola súa configuración permiten a realización deste tipo de eventos puntuais e esporádicos sen causar interferencias á actividade portuaria ordinaria.

Nestas áreas poderán autorizarse en xeral os espectáculos e actividades indicados na condición 4, incluso aqueles que prevexan unha ocupación con instalacións portátiles ou desmontables.

Non obstante, a ocupación destas zonas estará condicionada á súa compatibilidade coas actividades portuarias, así como ao cumprimento das medidas de seguridade en condicións ordinarias e extraordinarias, se é o caso.

A zonificación enténdese como áreas globais con límites aproximados en que deberán respectarse tanto as ocupacións autorizadas mediante concesión, autorización ou outro título administrativo, e os seus accesos, que non poderán ser bloqueados ou dificultados. Así mesmo, tamén deberán deixarse libres de ocupación as vías de circulación, as cales non poderán ser cortadas sen a autorización previa de Portos de Galicia e o plan viario alternativo.

A autorización limitarase exclusivamente á ocupación do espazo incluído na zona de servizo do porto necesario para a realización do espectáculo público ou actividade recreativa, no tempo exclusivamente necesario para a celebración do evento e montaxe e desmontaxe de instalacións, se é o caso, e prohibíbese expresamente a instalación de elementos portátiles ou desmontables destinados á residencia ou habitación ocasional dos participantes no espectáculo público ou actividade recreativa. Para garantir este aspecto, na memoria de actividade que se presente xunto coa solicitude, o responsable da organización describirá con que medios conta para aloxar estes traballadores. O incumprimento desta condición constituirá causa de extinción da autorización, incoación do correspondente expediente sancionador e penalizacións para o outorgamento de posteriores autorizacións. Portos de Galicia aplicará, nese caso, as regras e contías establecidas na Lei 6/2003 para as ocupacións realizadas sen autorización.

Ben que non se admiten os espectáculos pirotécnicos (I.7), si se permitirá a realización de lanzamento de fogos artificiais vinculados a festas e verbenas populares (actividade recreativa II.5). O lanzamento dos ditos fogos artificiais realizarase preferentemente desde os puntos indicados nos planos do anexo, se é o caso.

Sexta. *Entidades solicitantes*

Poderán formalizar a solicitude persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica públicas ou privadas. Non é posible a súa presentación por parte de persoas físicas.



Sétima. Forma, lugar e prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo I), dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que sexa realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

O prazo de presentación é a partir do día seguinte ao da publicación no DOG da presente resolución, o cal quedará aberto desde a mencionada data.

As solicitudes terán que ser presentadas coa antelación mínima á realización do espectáculo público ou actividade recreativa indicada na condición oitava.

Oitava. Tramitación da solicitude

1. Para que a solicitude poida ser tida en conta, en xeral, deberá ser presentada cunha anterioridade mínima de dous (2) meses ao inicio do evento, contado desde o primeiro día en que se solicite a ocupación do espazo portuario.

No caso concreto de espectáculos deportivos vinculados á náutica (espectáculo público I.5), as solicitudes deberán presentarse, polo menos quince (15) días hábiles antes da celebración do evento ou do inicio da montaxe das instalacións que sexan necesarias, se é o caso.

Unicamente poderán ser admitidas a trámite as solicitudes presentadas fóra do prazo establecido na convocatoria pública cando se trate de eventos promovidos e/ou patrocinados por administracións públicas ou corporacións que participen desta natureza, sempre que se xustifique que teñan un carácter sobrevido dificilmente previsible. Neste caso, o solicitante deberá achegar, na memoria de actividade anexa á solicitude, xustificación da excepcionalidade da causa que xustifique a presentación fóra de prazo. Portos de Galicia valorará en cada caso a admisión a trámite da solicitude.



En todo caso, as solicitudes deberán presentarse como mínimo 5 días hábiles antes do inicio da ocupación, xa que, en caso contrario, non serán admitidas a trámite.

2. No suposto de que o solicitante teña previsto realizar máis dun evento anual no porto, poderase formalizar mediante unha petición única global por todos os eventos de características similares, presentando o proxecto ou documentación técnica común para todos os eventos, con inclusión das particularidades concretas de cada un deles no seu correspondente anexo.

3. Recibida a solicitude de autorización e a documentación anexa, Portos de Galicia analizará o cumprimento da normativa aplicable para os efectos da ocupación do dominio público portuario e requirirá, cando proceda, os solicitantes para a súa emenda. Entenderase que se desiste da solicitude cando o solicitante non atenda o requirimento de documentación realizado por Portos de Galicia para a emenda da documentación no prazo establecido para iso.

Novena. *Documentación complementaria*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) O proxecto e a documentación técnica que resulte exixible segundo a natureza da actividade. Para estes efectos, enténdese por proxecto o conxunto de documentos que definen as actuacións que se van desenvolver, co contido e detalle que permita á Administración coñecer o seu obxecto e determinar o seu axuste á normativa urbanística e sectorial de aplicación. O proxecto e a documentación técnica redactaraos e asinaraos persoa técnica competente. Incluirá plan de tráfico alternativo, no suposto de solicitar o corte de vías portuarias.

b) O plano do porto en que se indique a localización concreta do espectáculo público ou actividade para o que se solicita a autorización, no cal se especifique a extensión da zona de dominio público portuario que se vai ocupar e as datas e o prazo en que se pretende desenvolver. Deberá achegarse soporte gráfico no cal se identifiquen con claridade o ámbito e a superficie solicitada.

Poderá descargarse a cartografía de cada porto, con indicación de cada unha das zonas definidas nestas bases na ligazón: http://www.portosdegalicia.gal/solicitude_espectaculos

c) O documento acreditativo, asinado polo/a interesado/a, da designación da persoa física ou xurídica que asumirá a responsabilidade técnica da execución do proxecto e que



debe expedir a certificación que acredite a adecuación do espectáculo público ou actividade recreativa aos requisitos exixibles, achegando o anexo II debidamente cuberto.

d) Para a celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas que requiran a montaxe de estruturas non permanentes desmontables será preciso xuntar o documento acreditativo da designación, por quen presente a declaración, da persoa física ou xurídica que asumirá a responsabilidade técnica da montaxe da instalación, achegando o anexo II debidamente cuberto.

e) Para a realización de espectáculos deportivos ou actividades recreativas náuticas que impliquen a ocupación da lámina de auga deberase achegar informe favorable da capitania marítima, ou do distrito marítimo correspondente, ou xustificante de telo solicitado.

f.) Para a realización de lanzamento de fogos artificiais vinculados a festas e verbenas populares deberase achegar informe favorable da subdelegación de Goberno correspondente, ou xustificante de telo solicitado.

g) Se a actividade é organizada, total o parcialmente dentro do ámbito dunha zona concesionada ou autorizada, por alguén diferente do posuidor do título de ocupación, deberá de achegar declaración de conformidade do titular da concesión ou autorización, empregando o formulario do anexo IV.

h) Cando se trate de espectáculos públicos ou actividades recreativas que teñan unha singularidade, arraigo popular no ámbito territorial onde se desenvolven ou valor cultural que precisen da instalación de carpas ou espazos cubertos con superficie superior a 100 m² en zonas de actividade portuaria media, deberá achegar informe do organismo público patrocinador do evento, xustificando a súa conformidade.

i) Xustificante de pagamento da taxa administrativa devindicada pola tramitación da solicitude, identificada co código 30.40.01, agás que este proceso se inicie e finalice electronicamente.

Se a entidade solicitante ten previsto organizar máis dun espectáculo público ou actividade recreativa nun porto dependente de Portos de Galicia, poderá realizar de xeito conxunto a solicitude de varios eventos que realice ao longo do ano. Neste caso, a fianza e seguros exixibles poderanse formalizar de forma única para todos eles sempre e cando as coberturas mínimas exixibles queden garantidas e o importe da fianza sexa o mínimo



exigible para cada un dos eventos. Neste caso, ademais de indicar no modelo normalizado a totalidade dos eventos programados, con indicación das datas previstas, deberase achegar por cada evento a documentación indicada nos puntos anteriores.

2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considérase como data de presentación aquela en que sexa realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos que se presente de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Décima. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI/NIE da persoa representante.
- b) Certificado de inscrición de asociacións.
- c) Certificado acreditativo da xunta directiva de asociacións.



d) Consulta de apoderamentos (REAG).

e) Certificado de estar ao día do pagamento coa Seguridade Social.

f) Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

g) NIF da entidade solicitante.

h) Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa AEAT.

i) Certificado de domicilio fiscal.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Décimo primeira. *Resolución da solicitude*

1. Recibidas as solicitudes, e unha vez analizada a documentación achegada, a adaptación do evento á presente resolución e a dispoñibilidade de terreos portuarios e calquera outro condicionante, resolverase a solicitude autorizándoa ou denegándoa segundo proceda.

Segundo o disposto no artigo 62.4 da Lei 6/2017, de portos de Galicia, o prazo máximo para resolver o expediente será de tres (3) meses; transcorrido este sen que se dite resolución expresa, a correspondente solicitude entenderase desestimada.

2. Considerando as características deste tipo de autorización, por razóns de eficacia, a resolución para autorizar ou denegar a solicitude está delegada nas xefaturas de zona, segundo resolución de delegación indicada na condición terceira do presente documento, e baixo as condicións xerais reflectidas no anexo V.



3. Na autorización fixarase a contía mínima da garantía económica que hai que depositar e o prazo establecido para iso. Esta contía fixarase en función da superficie portuaria que se vai ocupar e da natureza xurídica do solicitante, e cubrirá as responsabilidades polos danos que se poidan ocasionar na zona, así como pola deficiencia na limpeza posterior á finalización do evento, e o aboamento das taxas correspondentes. Esta garantía será depositada na Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma de Galicia a favor de Portos de Galicia no prazo fixado para iso na autorización e, en todo caso, con anterioridade ao comezo da montaxe do evento. As contías das garantías son as establecidas no anexo VI.

4. Na autorización fixarase a contía da póliza de seguro que hai que constituír de xeito específico para o evento. A súa contía fixarase en función do disposto na disposición transitoria terceira da Lei 10/2017, en canto non exista desenvolvemento regulamentario, e cubrirá a responsabilidade civil que sexa imputable, directa ou solidaria ou subsidiariamente, ás persoas titulares dos establecementos abertos ao público ou ás persoas organizadoras dos eventos públicos ou das actividades recreativas, de tal maneira que poida responder dos danos persoais e materiais e dos prexuízos ocasionados ás persoas usuarias ou asistentes e a terceiras persoas e os seus bens, ou á propia instalación portuaria.

No suposto de que se inclúan instalacións ou estruturas eventuais portátiles ou desmontables, deberase achegar ademais xustificante de que a persoa propietaria ou arrendataria da instalación formalizou o seguro cun capital mínimo de 150.000 € por cada instalación.

5. No caso de precisar subministración eléctrica da rede portuaria/municipal, exixirase a presentación do boletín de industria validado pola consellería competente.

6. Para acreditar a formalización do seguro de responsabilidade civil específico para o evento deberá presentarse, no prazo establecido na autorización, certificación da compañía aseguradora ou do axente de seguros, mediante formulario do anexo III.

7. Toda a documentación requirida na autorización de ocupación de dominio público deberá estar presentada en Portos de Galicia no prazo establecido na autorización e, en todo caso, antes da celebración do evento, xa que, en caso contrario, a autorización quedará extinguida por desistencia do solicitante.

8. En cumprimento do artigo 41 e seguintes da Lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, o solicitante deberá obter de xeito coordinado a



oportuna licenza municipal, a cal será exixida por Portos de Galicia no condicionado da autorización outorgada para os efectos exclusivos da ocupación de dominio público portuario de titularidade autonómica. A falta de presentación será causa de revogación automática da autorización, agás nos seguintes supostos:

a) Festas e verbenas populares organizadas por agrupacións ou asociacións de veciños ou comisións de festas. Neste caso solicitarase declaración responsable ou licenza, segundo proceda.

Segundo o disposto na disposición adicional cuarta da Lei 10/2017, para as festas e verbenas populares organizadas por agrupacións ou asociacións de veciños/as ou comisións de festas será requirida a presentación dunha declaración responsable dirixida ao concello e formulada polos veciños ou veciñas representantes da agrupación, asociación ou comisión na cal se describa o programa de actividades que se vai realizar e as súas características. Esta debe ir acompañada do compromiso de formalizar o seguro previsto na Lei 10/2017 ou documentación acreditativa de dispoñibilidade.

Se as citadas actividades prevén a montaxe de instalacións suxeitas a declaración responsable ou a licenza, esta será solicitada pola persoa titular da instalación.

b) Festas e verbenas populares organizadas polos concellos.

En aplicación do disposto no artigo 41 da Lei 9/2013, en relación coa necesaria protección da seguridade e saúde pública, dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias, do mantemento da orde pública, así como da adecuada conservación do ambiente e o patrimonio histórico artístico, en ausencia de obriga de obter licenza incluírase esta obriga como condición da autorización.

9. Entenderase que o solicitante acepta as condicións da autorización se no prazo máximo de 10 días desde a súa recepción e, en todo caso, antes da celebración do evento non presenta manifestación en contra.

Décimo segunda. *Control e organización do espectáculo público ou actividade recreativa*

O organizador asume en exclusiva a responsabilidade na disposición e na aplicación de medidas preventivas respecto á circulación pola zona portuaria de persoas non relacionadas coas actividades portuarias e na adopción de condicións de seguridade pertinentes en previsión da afluencia de persoas aos actos programados.



Durante o período de celebración, e actos preparatorios, será responsabilidade do organizador imposibilitar, con medidas de peche e control suficientes, que vehículos alleos ás actividades obxecto desta autorización accedan á zona portuaria.

Non obstante, a realización das actividades autorizadas non poderá obstaculizar as operacións e actividades portuarias ordinarias.

Ademais, está prohibido verter residuos ou outros obxectos nas augas do porto e o infractor queda suxeito ao disposto na lexislación vixente sobre a materia.

Dada a previsible afluencia de persoas que acudan ás actividades programadas, o organizador deberá ter en conta que será responsable da seguridade das persoas que participen nelas, para o que deberá adoptar as medidas preventivas oportunas segundo o proxectado na fase de obtención de permisos e licenzas, conforme o previsto na Lei 9/2013. Así mesmo, deberá informar o público en xeral de que se atopa en ámbito portuario.

A seguridade dos espectadores e dos participantes será responsabilidade exclusiva do organizador do evento en cuestión en canto a caídas ou a calquera outro accidente que poida ocorrer con motivo da celebración dos actos programados. As vías e aparcadoiros deberán quedar libres para os vehículos relacionados cos eventos e, particularmente, para os de urxencia sanitaria, de seguridade e protección das persoas. Os espazos autorizados a ocupar xunto ao cantil do peirao limitaranse con cerramento ou con cinta de forma clara e non se debe superar a superficie autorizada.

Os organizadores, ademais de manteren a limpeza das zonas ocupadas, deberán facerse cargo da recollida do exceso de residuos que se forme, ademais de seren os responsables da retirada de todas as pancartas e carteis sobre paredes e mobiliario urbano que poidan xerarse debido á celebración.

O organizador, finalizada a utilización, deixará as superficies, útiles, locais e elementos en perfectas condicións de limpeza e funcionamento.

No caso de que se producise calquera tipo de danos nas instalacións portuarias, ou non se deixase en perfecto estado de limpeza, estes deberán ser emendados polo organizador no prazo que se estableza para iso ou, como máximo, no prazo de 24 horas para a limpeza e dun mes para as reparacións. Se non se realizan estes, Portos de Galicia procederá por execución subsidiaria á súa reparación e remitirá as facturas correspondentes para o seu aboamento ao organizador do evento, e incautarase da fianza depositada, se é o caso.



Décimo terceira. Subministracións

A instalación eléctrica necesaria para o desenvolvemento do evento deberá cumprir coas disposicións do Regulamento electrotécnico de baixa tensión, aprobado polo Real decreto 842/2002, do 2 de agosto, e da Orde do 23 de xullo de 2003, que regula as condicións básicas dos contratos de adquisición de enerxía e de acceso ás redes de baixa tensión, e demais normativa complementaria.

A subministración de enerxía poderá realizarse mediante acometida á rede xeral mediante a oportuna tramitación coa compañía subministradora de enerxía, solicitando o correspondente enganche, para o cal deberá presentar, se é o caso, un proxecto técnico na Consellería de Industria e obter o boletín/s da instalación eléctrica.

Realizada a instalación de B.T. por un instalador autorizado que se axuste ao proxecto e atenda á demanda solicitada de subministración, e dentro do prazo establecido para iso e, en todo caso, antes de que se produza o evento, a entidade solicitante deberá remitir a Portos de Galicia o boletín de enganche validado pola consellería con competencias na materia.

Tamén se poderá obter a subministración mediante instalación dun/s xerador/es eléctrico/s insonorizado/s, capaz/capaces de subministrar a potencia total da instalación e equipamentos de urxencia.

Non se permitirá a conexión directa á liña eléctrica portuaria, agás causa xustificada, e sempre e cando o persoal técnico de Portos de Galicia comprobe a viabilidade técnica da conexión, e se acredite a instalación do/dos contador/es que procedan para a lectura dos consumos. Neste caso será preceptiva a inclusión na resolución do punto de enganche.

No suposto de precisar acometida de auga para a celebración do evento, deberase obter acometida á rede municipal, non sendo posible acometer a redes portuarias, agás que fose solicitado expresamente, e sempre e cando o persoal técnico de Portos de Galicia comprobe a viabilidade técnica da conexión e se acredite a instalación do/dos contador/es que procedan para a lectura dos consumos. Neste caso será preceptiva a inclusión na resolución da indicación concreta do punto de enganche.

A conexión a redes de subministración portuarias sen o debido visto e prace de Portos de Galicia será causa de extinción da autorización e procederá, ademais, a incoación do correspondente expediente sancionador e a penalización para o outorgamento de autorizacións en sucesivas edicións.



Décimo cuarta. Normas de contaminación acústica

O organizador deberá cumprir coas normas de ruído e de contaminación acústica aplicables, e o seu incumprimento será causa de revogación da autorización.

Décimo quinta. Aboamento das taxas portuarias

Ademais da taxa administrativa correspondente á tramitación da solicitude (código 30.40.01), serán de aplicación as taxas que correspondan pola ocupación de terreo portuario.

A utilización do dominio público está sometida ao aboamento de taxas en función do tipo de evento e ocupación, segundo o disposto na Lei 6/2003 de prezos, taxas e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

Na autorización fixaranse as taxas xerais e específicas que correspondan e a súa contía para o evento solicitado e autorizado.

No caso concreto da ocupación de superficie, a tarifa que se aplicará é a E-2. Almacén, locais e edificios, para ocupacións de superficie destinada a usos non relacionados directamente coas actividades portuarias, cuxas contías se fixan en función do grupo a que pertence o porto e os días de ocupación segundo a seguinte táboa (valores referidos a 2023, susceptible de actualización anual):

| – Zona terrestre | Grupo A | Grupo B | Grupo C |
|---------------------------|----------|----------|----------|
| Días 1 ao 10 | 0,105314 | 0,070840 | 0,053134 |
| Días 11 e seguintes | 0,212540 | 0,141680 | 0,106268 |
| – Zona de lámina de auga | Grupo A | Grupo B | Grupo C |
| A menos de 20 m do cantil | 0,743721 | 0,495316 | 0,371856 |
| A máis de 20 m do cantil | 0,339935 | 0,226427 | 0,170246 |

En todo caso, a taxa E-2 aplicable será a vixente para o exercicio en que se produza a ocupación.

Non se liquidará a taxa E-2 cando a ocupación do espectáculo público ou actividade recreativa se produza en superficies concesionadas outorgadas a favor do solicitante do evento, naquelas superficies que formen parte do ámbito concesional. A autorización da celebración do evento nestas superficies concesionadas quedará supeditada á



compatibilidade co uso para o cal foi outorgada a concesión, ademais dos restantes condicionantes indicados na presente resolución.

No suposto de que sexa precisa a utilización de infraestruturas portuarias de atracada serán de aplicación, ademais, as tarifas X-1, X-2 ou X-5, segundo a tipoloxía da embarcación. No suposto de que se autorice a conexión ás liñas de servizo do porto será liquidada a taxa E-3 das subministracións correspondentes.

A autorización suporá a reserva do espazo para as datas solicitadas, polo que devindicará taxa, aínda que non se produza a ocupación efectiva, agás que sexa notificada con carácter previo á data do evento autorizado a súa renuncia. A superficie que se solicite deberá incluír non só os espazos estritamente ocupados polos elementos, equipamentos ou estruturas que se vaian instalar, senón as explanadas, vías ou zonas urbanizadas en que se prevea o desenvolvemento do espectáculo ou da actividade, incluíndo todo aquel o espazo onde se vaian aloxar os asistentes.

O período de tempo que se tomará para o cálculo da taxa incluír o tempo necesario para realizar a montaxe e posterior desmontaxe da instalación, e prolongarase o período de devindicación ata que se complete o desaloxo total da instalación portuaria.

No suposto de que o solicitante desista da ocupación, deberá comunicalo con anterioridade á data autorizada á xefatura de zona correspondente e, deste xeito, quedará anulada a autorización e, polo tanto, o feito impositivo que motivaba a devindicación das taxas.

No suposto de que a superficie realmente ocupada polo evento sexa maior da autorizada, ou por máis tempo do autorizado, realizadas as comprobacións oportunas pola xefatura de zona correspondente, liquidarase a ocupación real producida. A superficie computada para os efectos do aboamento das taxas incluír as explanadas, vías ou zonas urbanizadas en que se desenvolveu o espectáculo ou actividade, incluíndo todo aquel espazo destinado a aloxar os asistentes.

A realización do espectáculo público ou actividade recreativa sen a oportuna autorización, ou contando con ela, pero sen cumprir o seu condicionado, non exime do aboamento da taxa portuaria, á marxe da incoación do expediente sancionador correspondente. Portos de Galicia aplicará nese caso as regras e contías establecidas na Lei 6/2003 para as ocupación realizadas sen autorización.



Décimo sexta. *Contido da autorización precaria de ocupación de dominio público portuario*

As autorización de ocupación de dominio público portuario outorgaranse segundo o modelo de autorización incluído no anexo V, no cal se reflicten as condicións xerais que rexerán a autorización, e pódense incorporar ademais as condicións particulares que ,en función da actividade, se consideren necesarias. A autorización conterà, polo menos, o seguinte:

- a) O nome, razón social, número ou código de identificación fiscal de quen teña a titularidade.
- b) A denominación da actividade.
- c) O porto e a localización do evento.
- d) A data de outorgamento da autorización e o período polo cal se autoriza
- e) O tipo de actividade recreativa ou espectáculo público autorizado.
- f) A descrición e o número das instalacións portátiles ou desmontables.
- g) A capacidade máxima estimada, para os efectos do cálculo do seguro de responsabilidade civil.
- h) A superficie de dominio público cuxa ocupación se autoriza.
- i) As condicións de protección do ambiente que, se é o caso, procedan.
- j) A taxa E-2 contida na sublínea 01 da alínea 99 do anexo 3 da Lei 6/2003 (incluída no bloque 32.99.02), e as demais taxas portuarias que, se é o caso, sexan de aplicación.
- k) O importe da garantía que hai que constituír.
- l) O importe do seguro de responsabilidade civil que hai que formalizar.
- m) Outra documentación con carácter previo á celebración do evento.
- n) Causas de revogación.



o) Calquera outro dato que se considere oportuno en función da normativa de aplicación e/ou das condicións singulares en función da tipoloxía da actividade ou espectáculo.

Décimo sétima. *Notificación*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas realizaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público poderán de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, a Administración xeral e doo sector público autonómico practicará notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo oitava. *Extinción das autorizacións de ocupación de dominio público*

As autorizacións extínguense polos seguintes motivos:

a) Por ter finalizado o espectáculo público ou a actividade recreativa.



b) Por cumprimento do prazo a que está sometida a actividade ou espectáculo público para o cal se solicitou a autorización, nos casos en que proceda.

c) Por revogación da autorización.

d) Por renuncia de quen desempeña a súa titularidade. Neste caso, se se produce con carácter previo á data de autorización non devindicará taxas.

Décimo novena. *Revogación da autorización*

As autorizacións poden revogarse nos seguintes supostos:

a) Por terse modificado substancialmente ou desapareceren as circunstancias que determinaron a autorización, ou ter sobrevido outras novas que, en caso de existiren, comportarían a súa denegación.

b) Por incumprimento, por parte de quen teña a titularidade das autorizacións, dos requisitos ou condicións en virtude dos cales lles foron outorgadas e, en especial, as seguintes:

- Non acreditar antes da celebración do evento ter formalizado o depósito da fianza exigida. No suposto de que a entidade autorizada sexa un concello ou outra Administración pública, se é o caso, poderá acreditarse a exención de formalización da garantía con base na normativa vixente.

- Non acreditar antes da celebración do evento ter formalizado o seguro de responsabilidade civil.

- Non acreditar antes da celebración do evento a obtención da licenza municipal ou, cando proceda, a declaración responsable, agás cando se trate de festas populares e verbenas organizadas polo concello, que está exenta.

- Incumprir as condicións da autorización que expresamente constitúan causa de revogación.

c) Polas causas indicadas na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade de Galicia.

d) Por necesidade sobrevida de utilización dos terreos para a actividade portuaria ou por causas climatolóxicas extremas.



e. Polas causas establecidas na normativa de portos e de costas.

A revogación da autorización non xera dereito a indemnización, agás que sexa causa imputable a Portos de Galicia.

Vixésima. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Disposición adicional primeira. *Actualización de modelos normalizados*

De conformidade coa disposición adicional sexta da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, o/os modelo/s normalizado/s aplicable/s na tramitación do/dos procedemento/s regulado nesta disposición, poderá/n ser actualizado/s co fin de mantelo/s adaptado/s á normativa vixente. Para estes efectos, será suficiente a publicación do/dos modelo/s actualizado/s na sede electrónica da Xunta de Galicia, onde estará/n permanentemente accesible/s para todas as persoas interesadas, sen que sexa necesaria unha nova publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición derogatoria

A presente resolución derroga a do 8 de maio de 2020, publicada no DOG núm. 96, do 19 de maio.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor*

A presente resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

ANEXO

Cláusulas de autorización para utilización de instalacións portuarias para celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas

Esta autorización, que outorga esta xefatura de zona, por delegación de competencias da Presidencia de Portos de Galicia do 25 de febreiro de 2019, publicado no DOG núm. 51,



do 13 de marzo, ao abeiro do establecido na Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade autónoma de Galicia, tarifa E-2 Almacenaxe, locais, edificios, se é o caso, polo Regulamento de explotación e policía, polas ordenanzas portuarias, polas condicións xerais e particulares que se indican a continuación e por toda a lexislación aplicable ao dominio público portuario que lle sexa de aplicación. Polo obxecto da autorización tamén será de aplicación a Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividade recreativas de Galicia, ante os órganos competentes na materia.

Condicións xerais:

1. A presente autorización outórgase ao (concello /ou/ promotor particular) (en diante, o titular) para a ocupación eventual dunha parcela do porto de (porto), con destino á realización do espectáculo público ou actividade recreativa de (identificar evento), cunha capacidade estimada de (capacidade) persoas.

2. Esta autorización habilita para a ocupación de superficie exclusivamente para a realización da actividade prevista na condición 1ª no período comprendido entre o día (indicar desde/ata), e non é prorrogable.

3. A dita autorización outórgase a título de precario, deixando a salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e sen cesión do dominio público nin das facultades dominicais da Comunidade Autónoma, e non é transferible.

4. A realización das actividades autorizadas non poderá obstaculizar as operacións e actividades portuarias. Dada a previsible afluencia de persoas que acudan ás actividades programadas, o organizador deberá ter en conta que será responsable da seguridade das persoas que acudan a esta, para o que deberá adoptar as medidas preventivas oportunas segundo o proxectado na fase de obtención de permisos e licenzas, conforme o previsto na Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia. Así mesmo, deberá informar o público en xeral de que se atopa en ámbito portuario. A seguridade dos espectadores e dos participantes será responsabilidade exclusiva do organizador do evento en cuestión en canto a caídas ou a calquera outro accidente que poida ocorrer con motivo da celebración dos actos programados. As vías e aparcadoiros deberán quedar libres para os vehículos relacionados cos eventos e, particularmente, para os de urxencia sanitaria, de seguridade e protección das persoas. Os espazos autorizados a ocupar xunto ao cantil do peirao limitaranse con cerramento ou con cinta de forma clara e non deben superar a superficie autorizada.



5. Os organizadores, ademais de manteren a limpeza das zonas ocupadas, deberán facerse cargo da recollida do exceso de residuos que se forme, ademais de seren os responsables da retirada de todas as pancartas e carteis sobre paredes e mobiliario urbano que poida xerarse debido á celebración. Está prohibido verter residuos ou outros obxectos nas augas do porto e o infractor queda suxeito ao disposto na lexislación vixente sobre a materia.

O organizador, finalizada a utilización, deixará as superficies, útiles, locais e elementos en perfectas condicións de limpeza e funcionamento.

No caso de que se produza calquera tipo de danos nas instalacións portuarias, ou non se deixe en perfecto estado de limpeza, estes deberán ser emendados polo organizador no prazo que se estableza para iso ou, como máximo, no prazo dun mes. Se non se realizan estes, Portos de Galicia procederá, por execución subsidiaria, á súa reparación e remitirá as facturas correspondentes para o seu aboamento ao organizador do evento, e incautárase da fianza depositada, se é o caso.

6. O titular comunicará con antelación suficiente a data de comezo da montaxe das instalacións. Tanto durante a montaxe como durante a ocupación e a desmontaxe das instalacións, o titular, á marxe de cumprir todas as instrucións que ao respecto poida ditalle persoal de Portos de Galicia, será responsable de adoptar todas as medidas e condicións de seguridade e hixiene previstas con carácter xeral no ordenamento xurídico.

A dita responsabilidade estenderase ao mantemento dos establecementos e espazos públicos en perfecto estado de conservación e, igualmente, a velar polo mantemento da orde e seguridade pública articulando, de ser preciso, os necesarios mecanismos de coordinación para o caso de emerxencias de calquera índole coas forzas e corpos de seguridade do Estado dependentes ou non do titular e con Protección Civil.

O titular será finalmente responsable dos danos, dos deméritos e das avarías de toda orde que se lles poidan producir ás instalacións portuarias ou a terceiros, e Portos de Galicia quedará exento de calquera responsabilidade por estes.

Tampouco será responsable Portos de Galicia dos roubos, nin dos sinistros ou deterioracións que poidan sufrir as instalacións, mercadorías ou calquera outro elemento con que o titular estea a ocupar a superficie portuaria.



7. O titular da autorización deberá manter operativo en todo momento o sistema de prevención de riscos laborais. En cumprimento do disposto na Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais, e demais normativa de desenvolvemento, elaborará toda a documentación relativa ás obrigas que impón a dita lexislación, documentación que deberá conservar e pór á disposición da autoridade laboral, así como de Portos de Galicia, cando esta lle sexa requirida.

A acción preventiva deberá comprender todos os traballos, de calquera natureza, desenvolvidos polo titular nas instalacións autorizadas e, en xeral, na zona de servizo do porto. Así mesmo, nos termos que corresponda segundo a lexislación de prevención de riscos laborais, a acción preventiva do titular deberá estenderse aos traballos que desenvolvan nas instalacións terceiros que efectúen algún traballo pola súa conta.

O titular da autorización, co fin de dar cumprimento ao indicado no artigo 24 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, desenvolta polo Real decreto 171/2004, do 30 de xaneiro, comprometéase ao seguinte:

- Recibir e trasladar aos seus traballadores a ficha de información de riscos e medidas preventivas dos portos. O dito documento está á súa disposición na páxina web www.portosdegalicia.com
- Recibir e trasladar aos seus traballadores as medidas de emerxencia e as listas de teléfonos de emerxencias que están á súa disposición e na páxina web www.portosdegalicia.com
- Se é o caso, acudir ás reunións en materia de coordinación de actividades empresariais que, se é o caso, lle propoña Portos de Galicia e acatar todas as instrucións de seguridade que emanen da dita entidade pública.

8. Para asumir as responsabilidades que se exixen na anterior condición 4ª, o titular estará obrigado a concertar un seguro de responsabilidade civil por danos que se poidan producir polas propias accións ou omisións ocasionadas á Administración ou a outros terceiros, o que deberá acreditarse ante Portos de Galicia mediante a presentación de certificación da compañía aseguradora ou do axente de seguros, empregando o modelo III do procedemento IF500A.

A contía concreta da cobertura requirida fíxase con base no disposto na disposición transitoria terceira da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, en función da capacidade, do tipo de evento e das instalacións



previstas; neste caso concreto fíxase nunha contía mínima de (importe) €. Deberá achegar certificado da empresa aseguradora, polo menos, con cinco (5) días de antelación á data de inicio da ocupación autorizada.

9. As instalacións e materiais utilizados nos eventos deberán ser totalmente retirados do porto o día da celebración ou, se é o caso, nos días solicitados para os labores de desmontaxe. Para estes efectos, a utilización da superficie en virtude desta autorización implica para o titular a obriga de deixar a superficie liberada cando sexan retiradas as instalacións, mercadorías ou calquera outro elemento, nas mesmas condicións de conservación e limpeza que tiña cando se ocupou e, se non se fixese así, Portos de Galicia efectuará as correspondentes actuacións de reposición de maneira subsidiaria e por conta do titular.

O titular deberá aboar pola ocupación da parcela a cantidade resultante da aplicación das taxas seguintes:

Taxa E-2 de almacenaxe, locais e edificios, conforme o disposto na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo as contías establecidas na súa regra sétima para as ocupación de superficie destinadas a usos non relacionados directamente coas actividades portuarias. A contía da tarifa dependera do grupo en que estea o porto, dos días de ocupación e da superficie ocupada:

- Porto: (porto).
- Grupo: (categoría).
- Número días evento: (días evento incluídos os días de montaxe/desmontaxe).
- Contía dos días 1 ao 10: (contía) €.
- Contía doas días 11 e seguintes: (contía) €.
- Superficie: (metros cadrados) m².
- Importe total: (importe total) € (sen IVE).

A superficie computable será de (superficie) m² ou, se é o caso, a resultante da medición que practique *in situ* persoal de Portos de Galicia unha vez que se complete a montaxe



das instalacións. A superficie que se solicite deberá incluír non só os espazos estritamente ocupados polos elementos, equipamentos ou estruturas que se van instalar, senón as explanadas, vías ou zonas urbanizadas en que se prevexa o desenvolvemento do espectáculo ou da actividade, incluído todo aquel espazo onde se prevexa aloxar os asistentes.

No valor da taxa non está incluído o imposto sobre o valor engadido e deben aplicarse ao dito valor os tipos impositivos vixentes en cada momento.

En caso de falta de pagamento das liquidacións emitidas, Portos de Galicia utilizará para o seu cobramento o procedemento administrativo de constrinximento, de conformidade co artigo 26 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia.

No suposto de que sexa precisa a utilización de infraestruturas portuarias de atracada ou subministración, serán de aplicación as tarifas X-1, X-2 ou X-5, segundo a tipoloxía da embarcación, e a E-3. As tarifas que se aplicarán son as indicadas nas condicións particulares.

A realización do espectáculo público ou actividade recreativa incumprindo o presente condicionado, ou ocupando máis superficie da autorizada, no exime do aboamento da taxa portuaria, á marxe da incoación do expediente sancionador correspondente. Portos de Galicia aplicará, nese caso, as regras e contías establecidas na Lei 6/2003 para as ocupacións realizadas sen autorización. Para a tarifa E-2 será de aplicación a regra novena, que establece que a tarifa será o quíntuplo da que, con carácter xeral, lle correspondería.

10. Se o titular da autorización desexa utilizar as instalacións de subministración de auga do porto deberá solicitalo con antelación suficiente ao celador gardapeiraos responsable do porto e cumprir todas as instrucións que reciba ao respecto, o cal lle asignará o punto de acometida.

Concretamente o punto de subministración é ... identificado co contador número ...

Se se precisa o uso de tomas de enerxía/auga para subministracións puntuais, deberá solicitalo con antelación suficiente ao celador gardapeiraos responsable do porto e cumprir todas as instrucións que reciba ao respecto.

A utilización das citadas instalacións sen autorización implicará a apertura inmediata de procedemento administrativo sancionador e poderá implicar a revogación da autorización.



En caso de que se utilicen estas instalacións, o titular da autorización deberá aboar a tarifa portuaria E-3 correspondente. No caso de non pagamento tamén será recadada empregando o procedemento administrativo de constrinximento.

11. Sen prexuízo do establecido na anterior condición xeral 10ª, e no que atinxe á instalación eléctrica precisa para o desenvolvemento da actividade de que se trate, o promotor deberá, no suposto de necesitar subministración eléctrica, acreditar o cumprimento das prescricións establecidas no Real decreto 842/2002, do 2 de agosto, que aproba o Regulamento electrotécnico de baixa tensión, e na súa normativa de desenvolvemento, coas especificidades previstas nel, e achegar copia do certificado de instalación eléctrica emitido por instalador autorizado de baixa tensión dilixenciado ante a delegación correspondente da consellería competente en materia de industria.

Para iso debera achegar o boletín da instalación dilixenciado pola delegación correspondente como máximo 5 días antes da celebración do evento. A falta de presentación será causa de revogación da autorización.

12. O titular, co fin de garantir ante Portos de Galicia o cumprimento das obrigas derivadas desta autorización e, en particular, as de contido económico, deberá de constituír unha garantía por importe de (importe) €, a cal deberá estar depositada na Caixa Xeral de Depósito. A presentación da garantía na zona correspondente deberá acreditarse como máximo 5 días antes da celebración do evento. A falta de presentación será causa de revogación da autorización.

No suposto de que a entidade autorizada sexa un concello ou outra Administración pública, se é o caso, poderá acreditarse a exención de formalización da garantía con base na normativa vixente.

13. O titular, no suposto de non tela achegado con anterioridade, deberá achegar no prazo máximo 5 días antes da celebración do evento, se é o caso, a seguinte documentación:

- Para a realización de espectáculos deportivos ou actividades recreativas náuticas que impliquen a ocupación da lámina de auga deberase achegar informe favorable da capitanía marítima ou do distrito marítimo correspondente.
- Para a realización de lanzamento de fogos artificiais vinculados a festas e verbenas populares deberase achegar informe favorable da subdelegación de Goberno correspondente.



A falta de presentación será causa de revogación da autorización.

14. En cumprimento da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, o titular deberá obter de xeito coordinado a oportuna licenza municipal e deberá presentar a resolución de licenza municipal como mínimo 5 días antes da celebración do evento, agás nos supostos en que a citada lei prevexa a comunicación previa; neste caso será necesario acreditar a súa presentación en tempo e forma e achegar certificado do concello conforme se cumpriu este requisito en tempo e forma. A falta de presentación será causa de revogación da autorización.

Cando o titular da autorización sexa un concello, nos supostos concretos indicados no artigo 41.bis da Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, introducido na disposición derradeira primeira da Lei 10/2017, estará exento da obtención de licenza municipal.

15. O incumprimento polo titular de calquera das condicións anteriores, así como a carencia dos permisos ou licenzas exixibles por outras autoridades ou organismos competentes, implicará, sen prexuízo das sancións que sexan legalmente procedentes, a revogación unilateral desta autorización. Igualmente, a autorización poderá ser revogada unilateralmente e en calquera momento por esta Administración cando resulte incompatible coa normativa ou con obras ou plans aprobados con posterioridade, entorpeza a explotación portuaria, ou impida a utilización do espazo para actividades de maior interese portuario.

16. No suposto de que, polas características específicas do evento, non se precise a ocupación concreta dunha superficie portuaria, e se solicite unicamente a realización dunha actividade vinculada ao desenvolvemento dun espectáculo público ou actividade recreativa, indicárase nunha condición particular, e neste caso non será de aplicación a condición particular 9ª. No non disposto neste prego de condicións xerais e nas condicións particulares que, se é o caso, establezan os servizos técnicos competentes de Portos de Galicia, observárase o disposto na Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, e, na súa falta, nos preceptos que resulten aplicables da Lei 2/2013, do 29 de maio, de protección e uso sustentable do litoral e de modificación da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, así como do seu Regulamento aprobado polo Real decreto 876/2014, do 10 de outubro, do Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de portos do Estado e da Mariña Mercante, no Regulamento de servizo e policía dos portos aprobado pola Orde ministerial do 12 de



xuño de 1976 e nas demais disposicións aplicables ás autorizacións sobre dominio público portuario.

Condicións particulares

(Inclúanse, se é o caso)

O xefe da Zona ...

Asinado ...

CVE-DOG: 29xbben4-crg0-p1u5-7bt1-fojc5mwbuzi0





| | | |
|---|------------------------|------------|
| PROCEDEMENTO | CÓDIGO DE PROCEDEMENTO | DOCUMENTO |
| AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO COMPETENCIA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA CON DESTINO Á REALIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS | IF500A | SOLICITUDE |

| | | | | | | | |
|--------------------------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|
| DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE | | | | | | | |
| RAZÓN SOCIAL | | | | | NIF | | |
| <input type="text"/> | | | | | <input type="text"/> | | |
| TIPO | NOME DA VÍA | | | NÚM. | BLOQ. | ANDAR | PORTA |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | | | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| PARROQUIA | | | LUGAR | | | | |
| <input type="text"/> | | | <input type="text"/> | | | | |
| CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA | CONCELLO | | LOCALIDADE | | | |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | | <input type="text"/> | | | |
| TELÉFONO 1 | TELÉFONO 2 | CORREO ELECTRÓNICO | | | | | |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | | | | | |

| | | | |
|--|----------------------|----------------------|----------------------|
| E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito) | | | |
| NOME/RAZÓN SOCIAL | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |

| | |
|--|----------------------|
| DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN | |
| Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - Notifica.gal (https://notifica.xunta.gal). | |
| Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365. | |
| Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal : | |
| TELÉFONO MÓBIL | CORREO ELECTRÓNICO |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> |



**XUNTA
DE GALICIA****CONSELLERÍA
DO MAR****ANEXO I
(continuación)****DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDEMENTO**

IDENTIFICACIÓN DO ESPECTÁCULO PÚBLICO OU ACTIVIDADE RECREATIVA

PORTO

CONCELLO

TRÁTASE DUNHA FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA SI NON

DATA CELEBRACIÓN

DATA FINALIZACIÓN
CELEBRACIÓN

DATA INICIO MONTAXE

DATA FIN DESMONTAXE

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

TIPOLOXÍA DO EVENTO SEGUNDO O CATÁLOGO DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS

TRÁTASE DUNHA ACTIVIDADE RELACIONADA COA PRÁCTICA DOS DEPORTES NÁUTICOS SI NON

INDÍQUESE TIPOLOXÍA

DESCRIPCIÓN DAS MEDIDAS PREVISTAS DE VIXILANCIA E SEGURIDADE

LOCALIZACIÓN NO PORTO

SUPERFICIE SOLICITADA (M²) (*)

EXISTE OCUPACIÓN DE ZONAS CONCESIONADAS OU AUTORIZADAS

CLAVE CONCESIÓN/AUTORIZACIÓN

TITULAR CONCESIÓN/AUTORIZACIÓN

CAPACIDADE APROXIMADA PREVISTA

NÚMERO DE INSTALACIÓNS PORTÁTILES OU DESMONTABLES QUE
SE INSTALARÁN

(*)A superficie que se solicita deberá incluír non só os espazos estritamente ocupados polos elementos, equipamentos ou estruturas que se van instalar, senón tamén as explanadas, vías ou zonas urbanizadas en que se prevea o desenvolvemento do espectáculo ou da actividade, incluído todo aquel espazo onde se prevea aloxar a cantidade prevista de asistentes. En caso de discrepancia entre o texto e o plano terá prevalencia a maior superficie.





| FORNECEMENTO ELÉCTRICO | | |
|---|--------------------------|---------------------------|
| Acometida eléctrica compañía subministradora | <input type="radio"/> SI | <input type="radio"/> NON |
| Xerador eléctrico insonorizado | <input type="radio"/> SI | <input type="radio"/> NON |
| Rede de Portos de Galicia | <input type="radio"/> SI | <input type="radio"/> NON |
| No suposto de solicitar acometida á rede de Portos de Galicia, indiquense os motivos que o xustifican | | |
| | | |

| FORNECEMENTO AUGA | | |
|---------------------------|--------------------------|---------------------------|
| Rede municipal | <input type="radio"/> SI | <input type="radio"/> NON |
| Rede de Portos de Galicia | <input type="radio"/> SI | <input type="radio"/> NON |

| CARACTERÍSTICAS DA ACTIVIDADE | SI/NON/NÚMERO | |
|--|--------------------------|--|
| PREVESE QUE O EVENTO TEÑA CARÁCTER PÚBLICO | <input type="radio"/> SI | <input type="radio"/> NON |
| PREVESE A INSTALACIÓN DE ESCENARIO | <input type="radio"/> SI | <input type="radio"/> NON <input type="text"/> |
| PREVESE A INSTALACIÓN DE TARIMAS, PLATAFORMAS E/OU PASARELAS | <input type="radio"/> SI | <input type="radio"/> NON <input type="text"/> |
| PREVESE A INSTALACIÓN DE GRADAS DESMONTABLES | <input type="radio"/> SI | <input type="radio"/> NON <input type="text"/> |
| PREVESE A INSTALACIÓN DE ATRACCIÓNS DE FEIRA | <input type="radio"/> SI | <input type="radio"/> NON <input type="text"/> |
| PREVESE A INSTALACIÓN DE ESTRUTURAS DESMONTABLES | <input type="radio"/> SI | <input type="radio"/> NON <input type="text"/> |
| PREVESE A INSTALACIÓN DE CARPAS E/OU HAIMAS | <input type="radio"/> SI | <input type="radio"/> NON <input type="text"/> |
| PREVESE A INSTALACIÓN DE CERRAMENTOS ANTIavalancha OU DE PECHAMENTO | <input type="radio"/> SI | <input type="radio"/> NON <input type="text"/> |
| PREVESE A INSTALACIÓN DE PANTALLAS AUDIOVISUAIS E/OU <i>VIDEOWALLS</i> | <input type="radio"/> SI | <input type="radio"/> NON <input type="text"/> |
| PREVESE A INSTALACIÓN DE EQUIPAMENTOS DE SON | <input type="radio"/> SI | <input type="radio"/> NON <input type="text"/> |
| PREVESE A INSTALACIÓN DE SISTEMAS DE ILUMINACIÓN | <input type="radio"/> SI | <input type="radio"/> NON <input type="text"/> |
| PREVESE A INSTALACIÓN DE PROXECTORES E CANÓNS DE IMAXES | <input type="radio"/> SI | <input type="radio"/> NON <input type="text"/> |
| PREVESE A INSTALACIÓN DE INCHABLES | <input type="radio"/> SI | <input type="radio"/> NON <input type="text"/> |
| PREVESE A INSTALACIÓN DOUTROS EQUIPAMENTOS | <input type="radio"/> SI | <input type="radio"/> NON <input type="text"/> |



| | | | | | | |
|---|--------------------------|---------------------------|-----|----------------------|------|----------------------|
| PREVESE O LANZAMENTO DE FOGOS ARTIFICIAIS | <input type="radio"/> SI | <input type="radio"/> NON | Día | <input type="text"/> | Hora | <input type="text"/> |
|---|--------------------------|---------------------------|-----|----------------------|------|----------------------|

No suposto de que se solicite a colocación de instalacións portátiles ou desmontables en zona de actividade portuaria alta ou media por períodos continuados superiores a 24 horas, XUSTIFIQUESE A SÚA NECESIDADE:

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que coñece as bases que rexen o procedemento de autorizacións, así como as condicións xerais que rexeran a dita autorización.
2. Que acepta as condicións e as responsabilidades da autorización de ocupación de superficie portuaria con destino á celebración do evento solicitado mentres se produza a ocupación do porto.
3. Que será a persoa responsable de realizar a limpeza, tanto dos espazos ocupados como das vías de acceso e zonas adxacentes, que deben quedar en perfectas condicións nun prazo máximo de 24 horas desde a finalización do espectáculo público ou actividade recreativa. Queda informada de que en caso contrario Portos de Galicia, subsidiariamente, procederá a realizar a limpeza e repercutirá o seu custo á persoa titular da autorización.
4. Que queda informada de que está terminantemente prohibido traspasar calquera porta, escaleira ou outro acceso, que se atope debidamente sinalizado, por calquera que teña relación coa actividade que se autoriza, así como polos seus asistentes. Será responsable como entidade solicitante autorizada do obrigado cumprimento desta condición.
5. Que queda informado da prohibición expresa de facer uso das instalacións con elementos portátiles ou desmontables destinados á residencia ou habitación eventual das persoas participantes no espectáculo público ou actividade recreativa. Para garantir este aspecto declara que a organización conta con medios para aloxar as persoas traballadoras fóra do recinto portuario. Queda informada de que o incumprimento desta condición constituirá causa de extinción da autorización, incoación do correspondente expediente sancionador e penalizacións para o outorgamento de posteriores autorizacións. Portos de Galicia aplicará nese caso as regras e contías establecidas na Lei 6/2003 para as ocupacións realizadas sen autorización.
6. Queda informado de que é responsabilidade da persoa titular da autorización cercar a zona en que, por motivos de seguridade, sexa preciso controlar os seus accesos.
7. Que queda informado de que é responsabilidade da persoa autorizada contar coa seguridade axeitada durante toda a duración do evento autorizado.
8. Que queda informado de que será responsabilidade da persoa autorizada calquera contrateo que se produza durante a montaxe/desmontaxe así como durante a celebración do evento.
9. Que se compromete a contratar os seguros previstos na disposición transitoria terceira da Lei 10/2017, de espectáculos públicos e actividades recreativas ata que non se aproben a súas contías regulamentariamente, segundo o disposto no anexo VI das bases que regula o presente procedemento.
10. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
11. Que está ao día no pagamento de obrigas de pagamento coas facendas públicas estatais e autonómica.
12. Que coñece e acepta as condicións impostas mediante a sinatura deste documento.
13. Que cumpre todos os requisitos establecidos na normativa vixente para o exercicio da actividade, que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá ao dispor da Administración cando lle sexa requirida, e que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigacións durante o período de tempo inherente ao dito exercicio.
14. (SOAMENTE APLICABLE SE A ENTIDADE SOLICITANTE É UN CONCELLO) O CONCELLO SOLICITANTE asume o cumprimento do artigo 41 da Lei 9/2013, en relación coa necesaria protección da seguridade e saúde pública, dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias, do mantemento da orde pública, así como da adecuada conservación do ambiente e o patrimonio histórico artístico.



DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- O documento acreditativo asinado pola persoa interesada da designación da persoa física ou xurídica que asumirá a responsabilidade técnica da execución do proxecto e que debe expedir a certificación que acredite a adecuación do espectáculo público ou actividade recreativa aos requisitos exixibles, achegando o anexo II debidamente cuberto.
- Para a celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas que requiran a montaxe de estruturas non permanentes desmontables, será preciso que quen presente a declaración xunte o documento acreditativo da designación, da persoa física ou xurídica que asumirá a responsabilidade técnica da montaxe da instalación, achegando o anexo II debidamente cuberto.
- Se a actividade é organizada, total ou parcialmente dentro do ámbito dunha zona concesionada ou autorizada, por alguén diferente do posuidor do título de ocupación, deberá achegar declaración de conformidade do titular da concesión ou autorización, empregando o formulario do anexo IV.
- O proxecto e a documentación técnica que resulte exixible segundo a natureza da actividade. Para estes efectos, enténdese por proxecto o conxunto de documentos que definen as actuacións que se van desenvolver, co contido e detalle que permita á Administración coñecer o seu obxecto e determinar o seu axuste á normativa urbanística e sectorial de aplicación. O proxecto e a documentación técnica serán redactados e sinados por persoa técnica competente. Incluirá plan de tráfico alternativo, no suposto de solicitar o corte de vías portuarias.
- Plano do porto en que se indique a localización concreta do espectáculo público ou actividade para a cal se solicita a autorización, en que se especifique a extensión da zona de dominio público portuario que se vai ocupar e datas e prazo en que se pretende desenvolver. Deberá achegarse soporte gráfico no que se identifique con claridade o ámbito e a superficie solicitada. Poderá descargarse a cartografía de cada porto, con indicación de cada unha das zonas definidas nestas bases, na ligazón: (https://www.portosdegalicia.gal/solicitude_espectaculos)
- Para a realización de espectáculos deportivos ou actividades recreativas náuticas que impliquen a ocupación da lámina de auga, deberase achegar informe favorable da capitania marítima, ou do distrito marítimo correspondente, ou xustificante de telo solicitado.
- Para a realización de lanzamento de fogos artificiais vinculados a festas e verbenas populares deberase achegar informe favorable da Subdelegación de Goberno correspondente, ou xustificante de telo solicitado.
- Cando se trate de espectáculos públicos ou actividades recreativas que teñan unha singularidade, arraigo popular no ámbito territorial onde se desenvolven ou valor cultural que precisen da instalación de carpas ou espazos cubertos con superficie superior a 100 m² en zonas de actividade portuaria media: deberá achegar informe do organismo público patrocinador do evento, que xustifique a súa conformidade.
- Xustificante de pagamento da taxa administrativa devindicada pola tramitación da solicitude, identificada co código 30.40.01

COMPROBACIÓN DE DATOS

| Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos. | OPÓÑOME Á CONSULTA |
|--|--|
| DNI/NIE da persoa representante | <input type="checkbox"/> |
| Certificado de inscrición de asociacións | <input type="checkbox"/> |
| Certificado acreditativo da xunta directiva de asociacións | <input type="checkbox"/> |
| Consulta de apoderamentos (REAG) | <input type="checkbox"/> |
| Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social | <input type="checkbox"/> |
| Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma | <input type="checkbox"/> |
| CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente. | AUTORIZO A CONSULTA |
| NIF da entidade solicitante | <input type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non |
| Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT | <input type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non |
| Certificado de domicilio fiscal | <input type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non |



**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**


| | |
|--|---|
| Responsable do tratamento | Xunta de Galicia. Consellería do Mar. EPE Portos de Galicia |
| Finalidades do tratamento | Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo. |
| Legitimación para o tratamento | O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina (https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos) e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda. |
| Destinatarias dos datos | As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia. |
| Exercicio de dereitos | As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en (https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos) |
| Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información | (https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos) |

LEXISLACIÓN APLICABLE

- o Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos y exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.
- o Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e competitividade económica de Galicia.
- o Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia.
- o Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
- o Decreto 124/2019, do 5 de setembro, polo que aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e se establecen determinadas disposicións xerais de aplicación na materia.
- o Resolución do 17 de abril de 2023 pola que se modifica o procedemento de autorización de ocupación de dominio público portuario competencia da Comunidade Autónoma de Galicia con destino á realización de espectáculos públicos e actividades recreativas (código de procedemento IF500A).

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de Portos de Galicia de  **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora



CERTIFICADO DE DESIGNACIÓN DA PERSOA FÍSICA OU XURÍDICA QUE ASUMIRÁ A RESPONSABILIDADE TÉCNICA

| | |
|--------------------------------------|----------------------|
| DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE | |
| RAZÓN SOCIAL | NIF |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> |

| | | | |
|---|----------------------|----------------------|----------------------|
| E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito) | | | |
| NOME/RAZÓN SOCIAL | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |

| | | | |
|---|----------------------|----------------------|----------------------|
| PERSOA FÍSICA OU XURÍDICA DESIGNADA COMO RESPONSABLE TÉCNICO DO PROXECTO | | | |
| NOME/RAZÓN SOCIAL | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| TITULACIÓN | | | |
| <input type="text"/> | | | |
| COLEXIO PROFESIONAL A QUE PERTENCE | | NÚMERO DE COLEXIADO | |
| <input type="text"/> | | <input type="text"/> | |

| | | | |
|---|----------------------|----------------------|----------------------|
| (CÚBRASE SOAMENTE NO SUPOSTO DE QUE SE SOLICITE A MONTAXE DE ESTRUTURAS NON PERMANENTES DESMONTABLES) | | | |
| PERSOA FÍSICA OU XURÍDICA DESIGNADA COMO RESPONSABLE TÉCNICO DA MONTAXE DE ESTRUTURAS NON PERMANENTES DESMONTABLES | | | |
| NOME/RAZÓN SOCIAL | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| TITULACIÓN | | | |
| <input type="text"/> | | | |
| COLEXIO PROFESIONAL A QUE PERTENCE | | NÚMERO DE COLEXIADO | |
| <input type="text"/> | | <input type="text"/> | |

| | | | | |
|---|---|----------------------|-------------------------|-------------------------|
| SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE | | | | |
| Lugar e data | | | | |
| <input type="text"/> | , | <input type="text"/> | de <input type="text"/> | de <input type="text"/> |

Portos de Galicia de SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: 29xbben4-crg0-p1u5-7bt1-fojc5mwwbuzi0



**XUNTA
DE GALICIA**CONSELLERÍA
DO MAR

ANEXO III

**CERTIFICADO DE FORMALIZACIÓN DE SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL
IF500A - AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO COMPETENCIA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE
GALICIA CON DESTINO Á REALIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS****DATOS DO AXENTE DE SEGUROS QUE ASINA**NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF **DATOS DA ENTIDADE ASEGURADORA QUE ASINA**RAZÓN SOCIAL NIF **E, NA SÚA REPRESENTACIÓN**NOME/RAZÓN SOCIAL PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

COBERTURA: seguro de responsabilidade civil para atender danos ocasionados á Administración ou a outros terceiros, para responder dos danos e perdas ocasionados polas súas propias accións ou omisións derivadas da autorización de ocupación de dominio público portuario competencia da Comunidade Autónoma de Galicia con destino á realización de espectáculos públicos e actividades recreativas.

NÚMERO DE PÓLIZA PORTO CONCELLO NÚMERO DE EVENTOS ASEGURADO/
COBERTURA MÁXIMA SEGURO POR
EVENTO (€) IDENTIFICACIÓN DOS ESPECTÁCULOS PÚBLICOS OU ACTIVIDADES QUE COBRE A PÓLIZA PERÍODO DE VIXENCIA DO SEGURO COBERTURA SEGURO (€) IMPORTE DA FRANQUÍA (€) DATA DE INICIO DA VIXENCIAS DA PÓLIZA DATA DE FIN DE VIXENCIA DA PÓLIZA **SINATURA DO AXENTE DE SEGUROS**Lugar e data , de de Portos de Galicia **XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

**XUNTA
DE GALICIA****CONSELLERÍA
DO MAR**

ANEXO IV

CONFORMIDADE DO TITULAR DO TÍTULO ADMINISTRATIVO ONDE SE VAI REALIZAR O ESPECTÁCULO PÚBLICO OU ACTIVIDADE RECREATIVA**DATOS DA ENTIDADE QUE DISPÓN DO TÍTULO ADMINISTRATIVO**

RAZÓN SOCIAL

NIF

E NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA

CLAVE

PORTO

TÍTULO

VIXENCIA ATA

QUE A ENTIDADE:

SOLICITA REALIZAR O ESPECTÁCULO PÚBLICO/ACTIVIDADE RECREATIVA COS DATOS SEGUINTE:

DATA DE INICIO OCUPACIÓN

DATA DE FIN OCUPACIÓN

O EVENTO REALÍZASE EXCLUSIVAMENTE NO ÁMBITO CONCESIONAL

 SI NON

LOCALIZACIÓN DO ÁMBITO

SUPERFICIE OCUPADA

COMO CONCESIONARIO/AUTORIZADO DO TÍTULO INDICADO ANTERIORMENTE

É COÑECEDOR QUE A ENTIDADE:

SOLICITA REALIZAR O ESPECTÁCULO PÚBLICO/ACTIVIDADE RECREATIVA COS DATOS SEGUINTE:

DATA DE INICIO OCUPACIÓN

DATA DE FIN OCUPACIÓN

A REALIZACIÓN DO EVENTO REALÍZASE EXCLUSIVAMENTE NO ÁMBITO CONCESIONAL

 SI NON

LOCALIZACIÓN DO ÁMBITO

SUPERFICIE OCUPADA

DECLARA

Que, como titular da concesión/autorización indicada, é coñecedor das actividades solicitadas, e das afeccións que poderían ter no ámbito autorizado, e dá o seu visto e praxe á realización do espectáculo público ou actividade recreativa no ámbito do cal é titular.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de

Portos de Galicia

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

ANEXO V**Modelo da autorización de ocupación de superficie portuaria con destino á celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas**

Titular:

Asunto: autorización para utilización de instalacións portuarias para celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas.

Porto: (porto).

Destino: (identificar o espectáculo público ou actividade).

Ámbito ocupación: (identificar ocupación).

Procedemento: IF500A.

(Titular) con NIF (número CIF/NIF) actuando en nome e representación propia/da mercantil/entidade de (mercantil/organismo), con NIF (NIF), e enderezo electrónico (correo electrónico), presentou na Xefatura da Zona (zona) de Portos de Galicia unha solicitude de autorización para a ocupación arriba descrita.

A superficie solicitada ten unha superficie de (metros cadrados) m² (cubertos/descubertos), e localízase no (identificar localización), durante o días (data inicio) ata (data fin), para a celebración do evento (identificar espectáculo público/actividade recreativa).

Consideracións legais e técnicas:

Á vista de que a solicitude presentada para utilización de superficie (cuberta/descuberta), conforme o disposto no artigo 58 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, trátase dunha autorización de utilización das instalacións portuarias para desenvolver actividades doutra natureza descrita na letra a) do citado artigo 58.

A dita autorización rexerese pola Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, pola Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, tarifa E-2, e, se é o caso, polo Regulamento de explotación e policía e polas ordenanzas portuarias.



De acordo con todo o indicado e en virtude das atribucións conferidas ao xefe da Zona (zona) por delegación de competencias do presidente do 25 de febreiro de 2019, publicada no DOG núm. 51, do 13 de marzo, con base no disposto no artigo 12.3.i) da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia.

RESOLVE:

Outorgar a (titular) a autorización para utilización das instalacións portuarias para uso de superficie (cuberta/descuberta) de (metros cadrados) m² para celebrar o evento (identificación evento) no porto de (porto), baixo as condicións que figuran no anexo. O petionario dispón dun prazo de dez (10) días contados desde o seguinte ao da notificación desta resolución para alegar ou renunciar expresamente á presente autorización. Se en tal prazo non fai ningunha manifestación entenderase conforme coas condicións e entrará en vigor na data indicada no condicionado que se xunta a esta resolución.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago, no prazo de dous (2) meses contados desde o día seguinte ao da notificación desta resolución.

Non obstante, o interesado poderá optar por interpor contra esta resolución recurso potestativo de reposición, no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ante o mesmo órgano que a ditou, de acordo co disposto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Mediante este documento notificáselle esta resolución segundo o exixido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

(Lugo/Coruña/Pontevedra), (data)

O xefe da Zona ...



ANEXO VI**Importe de garantías e seguros****1. Garantía.**

O importe mínimo das garantías que se exixan será o resultado de multiplicar 3€/m² pola totalidade superficie solicitada cun mínimo de 1.000 euros.

No suposto de que o solicitante sexa unha administración pública, o importe da garantía que se exixirá será de 1 €/m² pola totalidade da superficie solicitada e non será de aplicación o mínimo establecido no parágrafo anterior. Neste suposto, eximirase da presentación de garantías a Administración pública solicitante, sempre e cando a dita exención estea reflectida en normativa específica que lle sexa de aplicación e o organismo público certifique a aplicabilidade no caso concreto.

A garantía depositada poderá responder a diferentes espectáculos públicos ou actividades recreativas organizados ao longo do ano natural, sempre e cando o importe sexa acorde coas superficies solicitadas e cubra todas aquelas que se realicen de forma simultánea, se é o caso.

2. Seguro de responsabilidade civil.

O importe mínimo dos seguros de responsabilidade civil serán os indicados na disposición transitoria terceira sobre capitais mínimos das pólizas de seguro de espectáculos públicos e actividades recreativas da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, e sen prexuízo do disposto no artigo 8.7 da dita Lei 10/2017, a cal dispón:

1. Mentres non se produza o desenvolvemento regulamentario previsto no artigo 8, os capitais mínimos que deberán cubrir, no seu conxunto, as pólizas de seguro nel exixidas terán as seguintes contías, atendendo á capacidade:

- a) Ata 100 persoas: 300.000 euros de capital asegurado.
- b) Ata 150 persoas: 400.000 euros de capital asegurado.
- c) Ata 300 persoas: 600.000 euros de capital asegurado.



d) Ata 500 persoas: 750.000 euros de capital asegurado.

e) Ata 1.000 persoas: 900.000 euros de capital asegurado.

f) Ata 1.500 persoas: 1.200.000 euros de capital asegurado.

g) Ata 2.500 persoas: 1.600.000 euros de capital asegurado.

h) Ata 5.000 persoas: 2.000.000 de euros de capital asegurado.

i) Cando a capacidade sexa superior á mencionada na alínea h), a cantidade mínima de capital asegurado incrementarase en 60.000 euros por cada 1.000 persoas ou fracción de capacidade superior a 5.000 persoas, ata chegar a 6.000.000 de euros.

2. As administracións públicas, os seus organismos autónomos, as entidades de dereito público dependentes ou a elas vinculadas e as demais entidades integrantes do sector público que organicen espectáculos públicos e actividades recreativas aseguraranos, de conformidade co establecido na normativa específica, tendo en conta que en ningún caso a contía mínima de capital asegurado por este concepto pode ser inferior a 300.000 euros.

3. A realización de espectáculos públicos ou actividades recreativas en espazos abertos ao público, non delimitados e de capacidade indeterminada, nos cales se exixa licenza, declaración responsable ou autorización para a súa celebración require a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil por unha contía mínima de 600.000 euros de capital asegurado nos casos en que se exixa licenza ou autorización, e de 300.000 euros nos casos en que se exixa declaración responsable.

4. No caso de instalacións ou estruturas eventuais portátiles ou desmontables que se utilicen con ocasión de feiras ou atraccións en espazos abertos ao público onde a súa capacidade sexa indeterminada, o capital mínimo asegurado será de 150.000 euros por cada instalación ou estrutura, e a persoa propietaria ou arrendataria da instalación quedará obrigada a contratar a póliza de seguro.



ANEXO VII**Catálogo dos espectáculos públicos e actividades recreativas permitidas**

As actividades autorizables nos portos dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o catalogación establecida no Decreto 124/2019, do 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e se establecen determinadas disposicións xerais de aplicación na materia, serán as seguintes:

I. Espectáculos públicos.**I.1. Espectáculos cinematográficos.****I.2. Espectáculos teatrais e musicais.****I.5. Espectáculos deportivos.****I.6. Espectáculos feirais e de exhibición.****II. Actividades recreativas.****II.1. Actividades culturais e sociais.****II.2. Actividades deportivas.****II.3. Actividades de ocio e entretemento.****II.4. Atraccións recreativas.****II.5. Festas e verbenas populares.****I. Espectáculos públicos.****I.1. Espectáculos cinematográficos.**

A exhibición ou proxección pública de películas cinematográficas e outros contidos susceptibles de seren proxectados en pantalla, con independencia dos medios técnicos utilizados, e sen prexuízo de que se exhiban ou proxecten en establecementos cerrados ou ao aire libre, debidamente acondicionados e habilitados para iso.



I.2. Espectáculos teatrais e musicais.

Teatrais: a representación pública de obras teatrais, artísticas ou escénicas, mediante a utilización, illada ou conxuntamente, da linguaxe, da mímica, da música, do cómic, de monicreques ou outros obxectos a cargo de artistas, intérpretes ou executantes, sexan ou non profesionais, en establecementos cerrados ou ao aire libre, debidamente acondicionados e habilitados para iso.

Musicais: a execución ou representación pública de obras ou composicións musicais, operísticas ou de danza, mediante a utilización, illada ou conxuntamente, de instrumentos musicais, música gravada e enviada por medios mecánicos ou da voz humana a cargo de artistas, intérpretes ou executantes, profesionais ou persoas afeccionadas, en establecementos cerrados ou ao aire libre, debidamente acondicionados e habilitados para iso.

I.5. Espectáculos deportivos.

A exhibición en público do exercicio de calquera modalidade ou especialidade deportiva, competitiva ou non, por deportistas profesionais ou afeccionados/as, en recintos, instalacións, vías ou espazos abertos ao público, debidamente acondicionados e habilitados para iso.

I.6. Espectáculos feirais e de exhibición.

A presentación en público de produtos naturais ou artificiais derivados das plantas, animais ou natureza, ou a realización en público de bailes, exhibicións, cabalgatas ou desfiles de carácter popular, tradicional ou de calquera índole en establecementos cerrados ou ao aire libre, debidamente acondicionados e habilitados para iso.

II. Actividades recreativas.

II.1. Actividades culturais e sociais.

Aquelas que ofrecen ao público a posibilidade de incrementar e intercambiar os seus coñecementos e relacións humanas a través do acceso á información, con independencia do formato en que se atope esta, así como mediante o acceso a obras, manifestacións e actos artísticos ou culturais que se desenvolvan en establecementos cerrados debidamente acondicionados e habilitados para iso ou ao aire libre.

II.2. Actividades deportivas.

Aquelas mediante as cales se ofrece ao público a práctica de calquera deporte, ben en establecementos abertos ao público legalmente habilitados e autorizados para iso ou en



espazos abertos ao público, nas condicións establecidas na normativa específica. Inclúense nesta definición as actividades que consistan en ofrecer ao público en establecementos ou en espazos abertos ao público a utilización de instalacións fixas, eventuais ou outros elementos ou servizos de carácter deportivo, de habilidade ou de resistencia física, logo do pagamento do prezo polo seu uso ou por acceder ao establecemento aberto ao público en que estean instalados, tales como tiroliña, ponte tibetana, piragüismo, paintball e calquera outro de semellantes características.

Non terán esta consideración os equipamentos urbanos ou rurais de uso libre e colectivo pola cidadanía, concibidos como espazos ao aire libre con instalacións destinadas ao exercicio da cultura física en vías públicas e outras zonas de dominio público non vinculadas a unha actividade económica de espectáculos públicos ou actividade recreativa determinada.

II.3. Actividades de ocio e entretemento.

Aquelas que consisten en ofrecer ao público asistente tempo de recreo, entretemento ou lecer en establecementos abertos ao público habilitados legalmente para iso, baseadas, conxunta ou illadamente, na actividade de baile en pistas ou en espazos do establecemento aberto ao público especificamente acoutados e previstos para iso, na utilización de equipamentos de amplificación ou reprodución sonora ou audiovisuais, no desenvolvemento de actuacións en directo, así como na consumición de bebidas.

II.4. Atraccións recreativas.

Aquelas que consisten en ofrecer ao público en establecementos abertos ao público legalmente habilitados para iso ou en espazos abertos ao público un tempo de recreo, entretemento ou lecer, mediante a utilización de atraccións, mecánicas ou non, consistentes en instalacións fixas ou eventuais, tales como inchables, parques de bólas, tobogáns, bambáns, carruseis, noras, montañas rusas, trens turísticos, barracas e calquera outro de semellantes características a cambio do pagamento dun prezo polo seu uso ou por acceder ao establecemento aberto ao público en que se atopen instalados.

II.5. Festas e verbenas populares.

Aquelas que se celebran xeralmente ao aire libre ou na vía pública con motivo de festas locais, patronais ou populares, con actuacións musicais, bailes, barracas, fogos artificiais, hostalaría e restauración.



Quedan excluídas deste procedemento as ocupacións destinadas á venda ambulante, ou non sedentarias, que non se realice como unha actividade incluída no propio espectáculo público ou actividade recreativa.

Así mesmo, regularanse por procedementos específicos a ocupación de terrazas vinculadas a locais de hostalaría ou instalacións portátiles ou móbiles con uso non estritamente portuario alleas a un espectáculo público ou actividade recreativa, polo que tampouco lles será de aplicación o presente procedemento.

